



Folla de sala / Galego

## SALA ROMÁNTICA: ARTES DECORATIVAS e RETRATOS

21

Tradicionalmente chamado Sala Romántica, este espazo acolle unha pequena mostra das coleccións de abanos, reloxos, úteis do fumador e retratos que o Museo posúe.

Unha lenda sitúa a aparición do **abano plegable** en torno ao século VII d.C e atribúe a súa invención a un fabricante xaponés que tivo a idea ó observa-las ás dun morcego. Corrobora esta lenda o feito de que os primeiros abanos plegables se denominaban "komori", palabra que en xaponés significa morcego.

En Europa, o abano plegable aparece no século XVI, probablemente a través de Portugal, país que naquela época mantiña unha intensa actividade comercial con Oriente.

Nos séculos XVII e XVIII o abano plegable acadou unha gran difusión, especialmente en Italia, Francia, España e Inglaterra, pasando a ser un instrumento de distinción, elegancia e coquetería feminina, sendo, en opinión de Isabel I de Inglaterra, o único regalo que podía aceptar unha raíña.

Convertido xa no século XVIII nun complemento feminino imprescindible, nesta época utilízase, ademais da súa función orixinal, para ocultar ou amosar emocións, de aí que Molière o denomine "biombo do pudor".

**A colección de abanos:** Aínda que soamente se expoñen nove pezas permanentemente, integran esta colección do Museo case cento corenta abanos, moi variados tanto na decoración como nos materiais.

Uns destacan por un delicado traballo pictórico, outros polos vistosos materiais das súas fontes (marfil, nácara, prata) ou dos seus exquisitos países de encaixe, organza ou tule e hainos tamén que sobresaen polo exotismo e a vistosidade dos materiais como son os feitos con plumas de pato, ganso ou avestruz.

Complétase a colección con caixas para gardalos abanos, no caso das orientais de madeira lacada e forrada no seu interior con seda, e con dúas fundas bordadas que se levaban penduradas da cintura, e que son pezas escasísimas e moi prezadas polos coleccionistas.

**Reloxos mecánicos:** Fan a súa aparición na Baixa Idade Media e poden dividirse en reloxos de parede, de sobremesa e de peto. No primeiro grupo destacan as dúas pezas feitas polos reloxeiros lucenses Lombardero e Neira, e unha esteira realizada en louza fina de Sargadelos. En canto aos de sobremesa, abundan as pezas francesas feitas en bronce e de estilo imperio, pero tamén os hai de mármore, porcelana, latón ou calamina, con motivos decorativos vexetais, florais ou mitolóxicos.

En canto aos reloxos de peto hainos de aceiro, níquel, bronce, prata e ouro e a maioría pertencen ao século XIX, coma o que ten a imaxe de Napoleón III, feito en ouro, brilantes e esmalte. Nos do século XX resulta moi curioso o reloxo suízo en forma de abano que leva a cebola na parte oposta ao colgante.

Completan a colección un conxunto de faltriqueiras (para gardalo reloxo) feitas en papel ou tea como o raso ou a seda, e leontinas (cadeas para colgalo reloxo) realizadas en pasta ou metal.

**Úteis do fumador:** Parece ser que foi o cronista e historiador das Indias Hernández de Boncalo quen, a petición de Felipe II, trouxo as primeiras sementes de tabaco a España no ano 1559. O tabaco pode clasificarse según o modo de consumilo: para fumar, en febras; pulverizado para aspirar, chamado rapé, que é un preparado de tabaco molido e aromatizado para consumirse por vía nasal; e o de mascar.

Nesta exposición permanente poden admirarse fermosas pipas feitas en madeira de brezo e tamén en espuma de mar (mineral brando que debe a súa orixe á sedimentación calcárea de fósiles marinos); caixiñas para mixtos, tabaqueiras, petacas ou acendedores realizados en materiais tan variados como a asta, a madeira, o vimbio ou a nácara. A maioría das pezas pertencen ao S.XIX e 1ª/2 do S.XX.



Hoja de sala / Castellano

## SALA ROMÁNTICA: ARTES DECORATIVAS y RETRATOS

21

Tradicionalmente llamado Sala Romántica, este espacio acoge una pequeña muestra de las colecciones de abanicos, relojes, útiles del fumador y retratos que el Museo posee.

Una leyenda sitúa la aparición del **abanico plegable** en torno al siglo VII d.C y atribuye su invención a un fabricante japonés que tuvo la idea al observar las alas de un murciélago. Corrobora esta leyenda el hecho de que los primeros abanicos plegables se denominaban “komori”, palabra que en japonés significa murciélago.

En Europa, el abanico plegable aparece en el siglo XVI, probablemente a través de Portugal, país que en aquella época mantenía una intensa actividad comercial con Oriente.

En los siglos XVII y XVIII el abanico plegable consigue una gran difusión, especialmente en Italia, Francia, España e Inglaterra, pasando a ser un instrumento de distinción, elegancia y coquetería femenina, siendo, en opinión de Isabel I de Inglaterra, el único regalo que podía aceptar una reina.

Convertido ya en el siglo XVIII en un complemento femenino imprescindible, en esta época se utiliza, además de su función original, para ocultar o mostrar emociones, de ahí que Molière lo denomine “biombo del pudor”.

**La colección de abanicos:** Aunque solamente se exponen nueve piezas permanentemente, integran esta colección del Museo casi ciento cuarenta abanicos, muy variados tanto en la decoración como en los materiales. Unos destacan por un delicado trabajo pictórico, otros por los vistosos materiales de sus fuentes (marfil, nácar, plata) o de sus exquisitos paños de encaje, organza o tul y los hay también que sobresalen por el exotismo y la vistosidad de los materiales como son los hechos con plumas de pato, ganso o avestruz.

Se completa la colección con cajas para guardar los abanicos, en el caso de las orientales de madera lacada y forrada en su interior con seda, y con dos fundas bordadas que se llevaban colgadas de la cintura, y que son piezas escasísimas y muy apreciadas por los coleccionistas.

**Relojes mecánicos:** Hacen su aparición en la Baja Edad Media y pueden dividirse en relojes de pared, de sobremesa y de bolsillo. En el primer grupo destacan las dos piezas hechas por los relojeros lucenses Lombardero y Neira, y una esfera realizada en loza fina de Sargadelos. En cuanto a los de sobremesa, abundan las piezas francesas hechas en bronce y de estilo imperio, pero también los hay de mármol, porcelana, latón o calamina, con motivos decorativos vegetales, florales o mitológicos.

En cuanto a los relojes de bolsillo los hay de acero, níquel, bronce, plata y oro y la mayoría pertenecen al siglo XIX, como el que tiene la imagen de Napoleón III, hecho en oro, brillantes y esmalte. Entre los del siglo XX resulta muy curioso el reloj suizo en forma de abanico que lleva la cebolla en la parte opuesta al colgante.

Completan la colección un conjunto de faltriqueras (para guardar el reloj) hechas en papel o tela como el raso o la seda, y leontinas (cadenas para colgar el reloj) realizadas en pasta o metal.

**Útiles del fumador:** Parece ser que fue el cronista e historiador de las Indias Hernández de Boncalo quien, a petición de Felipe II, trajo las primeras semillas de tabaco a España en el año 1559. El tabaco puede clasificarse según el modo de consumirlo: para fumar, en hebras; pulverizado para aspirar, llamado rapé, que es un preparado de tabaco molido y aromatizado para consumirse por vía nasal; y el de mascar. En esta exposición permanente pueden admirarse hermosas pipas hechas en madera de brezo y también en espuma de mar (mineral blando que debe su origen a la sedimentación calcárea de fósiles marinos); cajitas para cerillas, tabaqueras, petacas o encendedores realizados en materiales tan variados como el asta, la madera, el mimbre o el nácar. La mayoría de las piezas pertenecen al S.XIX y 1ª/2 del S.XX.